

ASUNTO: Apertura dun prazo para a presentación de candidaturas para formar parte da Comisión Permanente de Participación Cidadá.

O artigo 42 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Ferrol (en adiante RPC) regula a denominada **Comisión Permanente de Participación Cidadá** que se configura como *“un órgano de control da implementación e funcionamento dos mecanismos de participación cidadá establecidos no propio RPC”*.

O apartado 2 do citado artigo establece que: *“A Comisión permanente será elixida por consenso polo Consello da Veciñanza de entre todas as persoas participantes nos diferentes órganos de participación cidadá”*

O pasado día 21 de decembro de 2016 na xuntanza extraordinaria do Consello da Veciñanza decidiuse abrir un prazo para a presentación de candidaturas para formar parte da Comisión Permanente de Participación Cidadá.

O dito prazo abranguerá todo o mes de **xaneiro de 2017**.

As persoas interesadas en formar parte desta Comisión poderán presentar a súa candidatura cumprimentando o modelo que se achega xunto con este escrito que deberán posteriormente entregar no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo establecido a tal efecto.

En Ferrol, asinado dixitalmente na data que figura na parte inferior polo concelleiro delegado da Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica, José Álvaro Montes Celeiro